

A nosa terra

SEMINARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

ANO XVII

Galicia (Santiago) 11 de Setiembre do 1.933

Núm. 309

PROTESTAMOS Autonomía de Galicia

Acaban de celebrarse as eleccións para Vocáes do Tribunal de Garantías. Os comentarios da Prensa en xeral xiran en torno do seu significado político, que pretenden facer ver ao Goberno con unha insistencia desmedida, que non deixa de amerar ben claras apetencias mui sinificativas. Nós, que non as temos, deixaremos todo iso dun lado. Vaianse os que se queiran ir, veñan os que lles día a gana.

O noso comentario nace da entraña viva da nosa Terra. É a viva protesta que xurde na i-alma viva da Nación galega a cada nova decisión dun Goberno que nos despreza e nos aldraxa.

Inda non acabou de amañarse toda isa lexislación que de costas a Galicia se ven urdindo hasta a data, e xa se crea un Tribunal para garantizal-a.

Non pode darse un maior sarcasmo; que as torpezas con que un Goberno nos veu aldraxando e contra as que inútilmente protestamos, teñan agora un Tribunal que as mantéña firmes contra os pobos nelas crucificados.

Se aínda se fixese eisí, dunha maneira violenta, tería toda a iniquidade dos déspotas, pero non tería a bulra dos tiráns. Máis a forma en que se orgaiza iste Tribunal é a bulra máis fina que puido idearse contra un Pobo.

Por un lado propónse para representar a Galicia todo o máis vello, todo o máis desacreditado: os caciques de sempre, ou seus herdeiros, que son moito peores. E por outro dísenos que elixamos o noso representante. Qué representante? Galicia non ten ningún representante no Tribunal de Garantías. Galicia non ten alí nada que garantir, como non seña o seu oprobio de Pobo aldraxado. A Galicia non a poden representar os seus enemigos

Pero ista é a fada da nosa Terra, e así ten de ser. A Galicia representouna en Cortes, Zamora en outro tempo. Está representando no Goberno Casares Quiroga. ¿Qué nos probresente no Tribunal de Garantías Pan de Soraluece? Mais para isto non fa-
ceder ions. Por un alí e xa está. Qué máis daba que representase a Galicia Pan
a sua outro calquera? Galicia ten tanto de temer de uns como de outros.

ante a banda, iste orgaismo en sí tan importante e que pol-as circunstancias
unha das infinitas inxusticias que contra Galicia se cometen, non só por
res On
go que está de costas a Galicia— contra Galicia— sinon por sinificar unha n-a gabe-
la con que se vèu cargar a nosa Terra polo que será un dos seus enemigos. O presuposto
hespañol arriquecerá nista data nun millón quinientas mil pesetas. Isto será o que Gal-
icia axudará a pagar nas inxustas proporcións en que está acostumbrada a facelo. E aos
poderes centrais e aos seus servidores de por acó, pareceralles a cousa máis natural. Só
o pobo, o pobo que sofre, que traballa, que paga i é aldraxado sentirá na sua carne su-
frida iste novo trallazo de desprecio.

Frente a ista conduta do poder central, resulta anodina e criminal a dos compan-
gueiros que andan a voltas con pequenas autonomías tímidas, que máis que nada resul-
tan caricaturas estúpidas coas que se pretende enganar á xente. Con isas autonomías e
sin elas, nós seguiríamos pagando todas istas esmorgas. Día tras día veríamos aumentar
as nosas cargas sin beneficio ningún. O suor e o sangue da nosa Terra servirán para for-
xar os grilóns con que se aferrollen as nosas mans. Isto é a verdade dorosa que nós
predicamos aos que, inda sentindo de lonxe o berro de anguria da nosa Patria, por timi-
decas estúpidas, por pobreza de espírito, non se atreven a berrar outo a verdade fonda
da Terra.

E a verdade hai que decila. Galicia precisa ser ceibe. Precisa conquistar soia os
seus destinos. Xa o dixemos máis veces. Si a nosa convivencia, en calquer forma, con
Hespaña, sirve só para sermos explotados, nós non queremos nada con Hespaña. Nós
pedimos xustamente o noso arredamento. Sin compangadas de ningún xénero. Sin res-
petos puerís de ningunha casta. Así o diremos ao pobo en todol-os tóns, por enriba de
todol-os prexucios dos tímidos, dos pobres de espírito, dos imbéciles i-escravos.

Nós iremos sempre a onde o aldraxe e a inxusticia dos outros nos obrigue a ir. Si
só coa separación absoluta podemos pór a salvo a nosa Terra do asoballamento central,
nós pedimos a separación absoluta. Para explotarnos non precisamos a ninguén.

Vicente Risco e Alfonso R. Castelao

PORTUGAL CONSAGRA O SEU VALIMENTO

Vicente Risco e Alfonso R. Castelao, no-
mes tantas veces avencellados no decorrer
trunfal da nova cultura galega, volven hoxe
a o primeiro prano d-actualidade, xunguidos
no resprando d-unha mesma consagración.
Pra un e outro, pró pensador e pró artista
mais esgrevios da nosa Terra, Portugal aca-
ba de mandar os loureiros duns tidóos, que
investindo a figuras tan perfiladas e nobres
do noso mundo espiritual, será sempre unha
viva executoría de merecemento.

A Academia Nacional de Belas Artes de
Lisboa, que preside o ilustre crítico Xosé de
Figueiredo, nomeou, por unanimidade, na
sua derradeira xuntanza, para ocupar posto
n-aquela groriosa Corporación, antre outros
valores extranxeiros de relevancia europea,

a Vicente Risco e Alfonso R. Castelao. Por
enriba de todas pequenas disputas en que ri-
fan os homes, terá de recoñecerse sempre o
servizo eminente que a creación d-unha cul-
tura galega, dunha personalidade galega no
orde espiritoal, rindéu a promoción lumiosa,
da que Risco e Castelao foron e son barudos
«pionners».

No grande sorvedoiro da Historia, hanse
de sumir valores e xestos, ideas e bandeiras.
Nada que sexa oco ou falso resiste o ludir
dos tempos. Máis, no patrimonio vivo de Ga-
licia, os que alumearon a i-alma auténtica
dun pobo e a puxeron a producir arte, ideaal,
espíritu, a despeito de total-as negacións, te-
ñen conquerida unha parcela inalienable e
permañente.

Os emigrados de América da Federación
de Sociedades Galegas de Bos Aires, acaba
de enviar unha vibrante alocución a todol-os
galegos, pedindo que se vote o Estatuto. O
amor a Terra, afervoadado en total-as inqued-
anzas dos lonxes, pón verbas preñadas de
emoción cordial nos labios dos nosos irmáns
emigrados. É obriga nosa, por enriba de
calquer diferenza recoller con todo entusias-
mo iste berro patriótico, cumprindo a mi-
sión que se nos encomenda.

Todol-os galegos estamos obrigados a es-
cucital-o. É a voz dorida da nosa Terra a
ecoar limpa no destérro sin os baixos lixa-
mentos que aquí a van soterrando debaixo
de pequenas paixóns de carto escuro.

Estase para celebrar a nova Asamblea do
Comité Central de Autonomía. Será por de-
rredadeira vez. Ise día quedará decidida a sor-
te da nosa Terra para moito tempo. Nós te-
mos xa denunciado aos traidores, aos que
irán a ila con espíritu luxado, dispostos a
traizoar de novo as nosas liberdades. Hoxe
compre que chamemos a todol-os que sinten
ecoar na sua i-alma os limpos degaros auto-
nómicos da nosa Terra, para que ise día, por
enriba de todol-os desleigamentos e traici-
óns, seipan avencellarse intimamente para
salvar a nosa liberdade. Que os membros do
Comité Central, que en todo momento esti-
veron loitando contra tantas dificultades de
desleigados de mala fé, non poidan decir
que os deixamos sós na patriótica labourea.
Non queiramos que nin unha soma caía sob-
re nós por falla de entusiasmos niste intre
decisivo en que se xoga o último esforzo cib-
dadán. Cando os traidores pretenden afogar
niste intre todo o noso esforzo, obriga nosa
é salval-o, da maneira que sexa.

O Comité Central, que sin desmaio ven la-
bourando niste senso, tería moito que botar
en cara a todol-os que sentindo os mesmos
entusiasmos, deixaron esvailos na inacción,
consumíndose en reservas suicidas. Arreda-
dos, perfectamente arredados dos traidores,
que todos coñecemos ben, debemos estar
mui xuntos cos verdadeiros autonomistas,
cos que con limpeza de esprito se aprestan
ao conquerimento da liberdade da nosa Pa-
tria. A nosa fé, o noso entusiasmo de redención,
debe ser sumado a todol-os entusias-
mos. Que ningún entusiasmo se perda. Isto
é a obriga que nos queda, e que temos que
cumprir.

DA DELEGACIÓN DO P. G. NA ARXENTINA

Dende agora en diante comezamos a pu-
bricar con fonda ledicia no noso xornal unha
nova seición adicada á labourea e ás aitu-
cións dos nosos irmáns emigrados de Amé-
rica, na que se reseñarán os aitos e traba-
llos que, dun xeito intensivo e con unha gran
outura de miras e de sacrificio pol-a Patria,
andan a realizar os membros da «Orgaiza-
ción Nazionalista Republicana Galega», fi-
lial do Partido Galeguista por aquelas terras
de além-mar.

Temos recibido xa unha atenta carta do
irmán Lino Pérez en que nos manifesta o
derradeiro acordo de aquela asociación, no
senso de colaborar no noso xornal, vene-
llando así as suas actividades ás do P. G. Co
ila acompañase unha nota da homaxe con
que se agasalhou ao irmán Cao Turnes, se-
gredario xeral da Federación de Sociedades
Galegas e do Coro Lembranzas d-Ultreya,
por certas insinuacións feitas públicas contra
d-eles, por banda do Seminario de Estudos
Galegos e da Institución Cultural Gallega
de Bós Aires. Por tērse xa publicadas no
xornal «Galicia» con toda a extensión reque-
rida, e pol-a longura das notas, imposibles
de reproducir íntegras, dado o pouco espa-
cio de que dispoñemos, contentámonos hoxe
con apuntar o feito de que en ningún mo-
mento se debe poñer en dúbida a honora-
bilidade ben probada e a boa fé acreditada

É ademais cuestión de dinidade, de con-
fianza no propio esforzo. Si o era arredarse
de quen debíamos arredarnos, moito máis o
será facer que iste arredamento non se esterili-
ce. Si nos arredáramos para retirarnos da
batalla, sería unha cobardía.

Nós arredámonos para só loitar con ene-
migos e traidores. E para vencel-os,
Nada máis que para iso.

Cómprenos, pol-o mesmo unírnos moi
afervoadamente ao chamamento dos emi-
grados de Bos Aires, para que todol-os ga-
legos que sintan na sua alma algunha arela
de redención, se apresten decididamente a
campaña máis aberta e máis intensa.

O Partido Galeguista deu n-iste senso o
seu exemplo, iniciando outra vez as suas
campanhas de liberdade con todo entusias-
mo, por enriba de todol-os traidores. É pre-
ciso que o Comité Central se sinta escudado
na nosa fé e na lealtade de todol-os galegos.
Ben desengañado dos que en todo tempo
traizoaron as suas promesas e as espranzas
que todos puxéramos n-elas, é preciso que
nosotros lle fagamos crer na nosa sinceri-
dade, prestándolle todo o noso apoio.

O día 17 do corrente celebrárase a Asam-
breia que nun derradeiro esforzo convoca o
Comité Central. Xa non debemos ir cantan-
do máis que cos que en todo tempo víferon
demostrando a sua boa fé e a sua vontade
limpa. Xa ninguén máis pode intresarnos.
Pol-o tanto, todol-os que sintamos o chama-
mento da Terra, temos a obriga de tomar sob-
re nós a empresa que os outros se empeñan
en facer fracasar. Fracasará o mellor de to-
das maneiras; pero que fracase. Nós tere-
mos en todo caso realizado todo o que o noso
patriotismo eisixía de nós. Non deixaremos
que o noso enemigo se apodere dos nosos
postos sin defensa. Non debemos deixar. E
pra iso temos que prepararnos á dar a loita.

Todos, todos unánimes, todol-os que amen
á Galicia con fé, debemos unírnos na gran
solidaridade galega en que, aparte todol-
os partidismos e xeureiras, salvemos a nosa
Patria. Si deixamos perder o que hai fei-
to —o que fixemos nós, o que é obra no-
sa— seríamos reos da máis estúpida cob-
ardía, e responsables d-ilo. Os nosos ne-
migos terían que gabarse de habernos venci-
do, e o noso pobo podería acusarnos de
haber abandonado os nosos postos.

E ningunha das cousas pode ser.

sempre, en labourar constante por toda obra
de galeguidade, dos irmáns que teiman ofen-
der. Por outra banda, temos a seguranza de
que os homes que dirixen o Seminario,
obraron dun xeito un tanto impremeditado,
máis, sin intención, en ningún intre de mo-
lestar a quenes pol-o seu prestixio e honora-
bilidade son dignos das máis encomiásticas
gabanzas.

Soio lixeiros pensamentos e falsas inter-
pretacions puideron levar a causa ao grado
de acañamento á que chegou. E pensamos
que, en aras do benestar da Patria e do seu
erguemento cultural, ao que concurren os
traballos de todos, hase de dar por zaxado
ise incidente que non contribui en nada ao
claro porvir da Patria, que debe ser en de-
rredeiro termo o denominador común do
labourea de todos. Pol-o patriotismo, que
rixer a aituación de uns e de outros, e ao
que non dubidamos, rinden sempre o seu
tributo máis afervoadado, estamos seguros de
que endexamáis se repetirán casos coma iste
que van decote, en contra e desprestixio do
futuro de Galicia, que é a patria de todos nós.

Pol-o demáis, complacémonos grandemen-
te, en que o noso xornal sirva de Palestra
dos degaros esgrevios dos irmáns emigra-
dos, e dende il mandamos o noso saudó aferv-
oadado e cordial de fraternidade galega.

Terra e Liberdade!

Apuntes

AITITUDES DOS ESTUDANTES CATALÁS

A Federación Nacional de Estudiantes Catalás órgano baril das verdadeiras ansias escolares na Universidade de Barcelona, síntese defraudada nos seus máis caros sentires de cultura nacional, co texto do Decreto de concesión de autonomía Universitaria otorgado pol-o goberno hespañol. O desacougo, a inxuedanza da masa estudantil catalana manifestada xa dun xeito patente no curso finado, púdose amainar pol-a laboura do Reitor, Sr. Serra Hunter, que procuróu, en todo momento contér, con promesas incumplidas, unha aituación rebelde.

Xa non caben dúbidas, a F. N. E. C. que considera ao estatuto de autonomía universitaria, como un contrasentido, como unha ficción, incapaz de resolver, o fondo problema planteado na Universidade de Barcelona, está disposta a esgotar todol os meios prá aplicación d-ise Decreto que considera como un retroceso. N-isa obra de loita pra conquistar dar unha categoría de plena liberdade ao máis auto organismo cultural da Nación Catalana, os estudantes atópanse asistidos pol-o máis escolleito e limpo esprito da catalanidade.

O Decreto que é a aplicación do artigo sete do Estatuto cuía discusión no Parlamento hespañol tiña orixinado a retirada do Congreso dos Diputados de Cataluña como sinificación de que non querían a responsabilidade de t-er colaborado, nin tan siquiera votado en contra, esaminado detidamente, óllase na realidade que non responde, nin con moito, ao senso aitual da autonomía cultural en Europa, e á maneira como n-ila se resolve a custión universitaria. Pol-a contra, está xustifico sempre o descontento, sinón en principio ao menos en contido, dos estudantes catalás, porque co réxime de autonomía da Universidade non se dá satisfacción cumplida aos seus degaros de renovación cultural. E así, a orgaización do insiño non poderá decidila por sí mesma a Universidade. E a designación de profesores fica suxeta aos mesmos trámites de aprobación do Ministerio de I. Pública, como toda a orgaización en xeral. E o contido e a duración dos plans pedagóxicos será determinado pol-a lei de I. Pública hespañola, xa que así o establece o artigo 49 da Constitución da República. E o ministro hespañol facúltase así mesmo pra autorizar a inversión dos fondos do Patrimonio da Universidade autónoma...

O Decreto, en resume, non fai outra cousa que consagrar unha vegada máis o réxime tradicional das Universidades hespañolas, asegún a cal a personalidade universitaria non pode facer fundamentalmente ren, sin a previa autorización do Goberno Central hespañol. Pol-o demáis o senso armonizador que somellaba t-er, denantes de eisaminalo con precisión, non responde máis que a un esbozo de reconquista, que compría ineludiblemente, con necesidade imperiosa na Universidade galega.

FRANCISCO F. DEL RIEGO

Contra a violencia dos que nos querén matar de fame, nós temol-a violencia dos que non se resinan a morrer, si téndoa non a empregamos, é que somos un fato de cobardes!

O Agro e a Cidade

FUNGUEIRAZOS

R. I. P.

Vénselle votando en cara ao Partido Galeguista o desenrolo d'unha política ruralista que se cre ineficaz. Dícese que co *ms* hai que contar só para as revolucións. Pero para as transformacións políticas que hai que contar con vilas e cidades.

Merecería que tratásemos isto máis detidamente si o noso Partido non estivese plenamente convencido do contrario. Pero como está por fortuna, só faremos uns pequenos comentarios ao redor dista afirmación simplista, con un lastre de vellos prexucios que irrita.

O Partido Galeguista vai ao campo galego, porque debe ir á Galicia, á Terra. E Galicia non é máis que montaña e mar. Quitando labregos e mariñeiros, os demáis son señoritos. A cidade e a vila, no que non teñen de montaña ou mariña, son baluartes centralistas, con torrecoñidos de radicales, socialistas, radicales socialistas, conservadores e demáis fauna partidista. Contra istos hai que loitar. Contra istos irá o noso batallar cotidián. Non os esqueceremos. Hai que tel-os da man.

Pero enténdase ben. Unha cousa é ista aitude de loita, e outra, a de proselitismo e creación política que o noso Partido cre esencial. Os partidos novos, movidos só por un resorte de mando, prefiren a primeira. Impórtalles moi pouco a segunda, porque non lles importa ren a encarnación viva dos seus idearios, que empregan só como bandeira, porque non sirven para outra cousa. Pero o Partido Galeguista debe ser algo moi distinto. Non ten presa para nada. Non pode ter cubizas de mando. Só a liberación íntima da conciencia nacional sirve de resorte para a súa aituación. Isto non é lirismo, nin romanticismo, nin farrapo de gaita. Isto é axustarnos á viva realidade da nosa Terra.

A vila galega, a cidade galega, escravizadas e castradas no seu vivir máis outo — o que non é vivir: o vivir do señorito, do empregado, do home de carreira — están alonxadas da Terra, son servos das grandes cidades do centro e de calquér sitio, están enroladas nos seus partidos, nos que terán o intrés mesquiño dun posto, dun emprego ou de calquera outra satisfacción. Están descravadas do verdadeiro sentimento da Terra, porque están fallas de todo senso de transixencia da realidade ambiente, recubertas de total-as costras de casinismos, de clasismos, enchufismos e caciqueirías. Niste medio, qué pode facer o Partido Galeguista?

Pónenos o exemplo de Cataluña e Basconia. Non val. O exemplo de Cataluña non val, porque a cidade catalana con unha forte industria peculiar, con un forte número de intreses propios, non é a cidade galega que ten todo por facer niste senso. A xente da cidade catalana podía percibir o senso do verbo autonomista porque permanecía relixada á terra, ao seu. Porque non vivían do alleo. Había unha perfecta solidariedade de resoancias autónomas en cada esprito, por ter todos un algo que esculcar na Terra. A vila galega, e máis a cidade, están descravadas en canto tales, inda que non poida hacharse a cidade pura en ningures.

Tampouco val o exemplo de Basconia, onde o fervor relixioso avencella e unifica todol-os degaros autonómicos coa Terra, onde ninguén está descravado d'ela. Pero nós somos algo moi distinto niste senso. I-en consecuencia, a nosa estratexia política debe ser outra. Nos iremos ás cidades, para loitar, para desfacer manganchadas, para solear bufardas. Nós iremos a ilas tamén para crear conciencia galega, nos medios que seña axeitado. O que non iremos é a compangar, a caciquear. Dise que o campo sigue a política da vila, e por conseguinte que nós debemos atraguer a vila. Pero isto é noxento. Pois nise caso o campo, o labrego, e o mesmo o bo mariñeiro galego, irían enganados por nós. Non. O que hai que faguer é procurar que o campo non siga á vila: quere decir, aos señoritos da vila, aos caciques da vila, aos mandós da vila. Que o pobo se liberte de si mesmo e dos seus asesinos. Que non poidan roubal-o mentras dorme. Que desperte.

O día que desperte, que pequeniñas parecerán isas vilas de abogados, de señoritos e tendeiros!

Pois iso é o que nós debemos procurar. Para iso nacéu o noso Partido. A nosa autonomía sin iso non merecería os respetos de ninguén.

Nin para nós mesmos sería nada. Inda que no fondo fose o que é, aparecería diante a xente como unha trampa. E iso non pode ser.

Unha farsa e unha inxusticia

Con motivo da elección de Vocal do Tribunal de Garantías, volve á ser a nosa Terra o branco da bulra do centralismo.

Despóis do decorrer dos anos, estamos na mesma situación, tratánnos do mesmo xeito, que nos tempos de vergoña e oprobio en que Galicia era privada do seu voto dereito en Cortes, que usurpaba Zamora. Nin máis nin menos. Pois si é verdade de que se faculta para elixir en Galicia un representante para vocal do Tribunal de Garantías, pol-as circunstancias, resulta unha bulra e unha farsa.

Foron farsa pura as garantías de pureza

eleitoral que se andiveron pedindo e ofrecendo. I-é unha bulra cruel decirlle á un pobo que elixa un representante dino, cando se lle presentan para elixir os vellos caciques de sempre, ou xente da caste, os máis encarnizados enemigos con que vimos loitando.

É unha bulra decir que Galicia elixe os seus representantes, cando se lle impoñen violentamente, e para máis escarnio, facendo que Galicia lles dia os votos precisos, ou que, en nome d'Ela, os rouben. O mesmo dá.

I-é obriga nosa berrar ben outo que ningún dos propostos para iste cargo conta coa nosa confianza. O Partido Galeguista e A NOSA TERRA os non poderán considerar nunca como representantes de Galicia.

Sabemos que «Galicia» —o xornal ourensán, residuo da Dictadura, que tan ben nos quer — está dando as bóquiadas.—R. I. P.
Sentimol-o pol-o erudito historiador, ilustre literato e gran amigo noso, Couceiro Freijomil.

EL FARO DE VIGO

Tamén sabemos que «El Faro» se vende moito menos.

Algúns din que é pol-a falla das caricaturas de Castelao, á pesar do ADEMIRABLEMENTE que o dueto Pardo lle roubou o matiz.

Outos pensan que é debido á forma como se portou ante o Convenio co Uruguay.

Uns poucos ilusos, que nos queren ben, atribúyeno á enemiga que ao «Faro» lle entrou n-ista derradeira tempada contra do galeguismo.

Todos se trabucan.

Nós, que estamos mellor informados, sabemos que as verdadeiras causas son outras.

Están pagando en demasiadas columnas de prosa amazotada e antigalega certos «favores non santos», e ¡claro!... Ás veces, o barato sai caro... ¡Xa nos entenden!...

O «CASO» EMILIANO

Inda que vostedes pensen o contrario, ten moita máis miga da que parez, que a súa influencia estase notando en todol-os acontecementos importantes da vida galega.

¡Así! Non o dúbiden.

Vicentiño, o cesureño; outro Vicente, de Pontevedra; o Prieto, o ex bugallista e expupetista de Pontearreas non nos deixarán mentir.

Os emilianistas de Pontevedra, en confesión sincera de Vicea, «no somos nada sin Emilia» troitos de Martínez Barrios, inda erga, mal, ocúrreselle pedir un aito de s habilitación...

O Estatuto, o mítin das Cabañas, a decisión do Comité galego do Partido —que tanto lle traballou Casar, ó ex-capitán de Regulares— podían ser boas ocasións.

¡Non comprenden vostedes que se explica a indifusión de Vicentiño o cesureño contra dos que llas chafaron!

Se non o entenden, outro día daremos máis detalles. Hoxe, queremos ser discretos.

O Grupo Compostelán

Convocase aos afiliados diste Grupo do P. G. á xuntanza x-eral ordinaria que terá de celebrarse hoxe, lúns, ás 8 da noite no local de NÓS.

O SEGREARIO X-ERAL

Contra os dirixentes d-iste novo aldraxe, contra os encubridores de vilanías, contra os farsantes que trán entre mans a tea noxenta d-ista nova bulra, erguemos a nosa protesta máis rexa.

Galicia non terá representante no Tribunal de Garantías. Será un representante do Centro para, dende o Tribunal de Garantías, aldraxar á Galicia. Iso sí. E nada máis que iso.

BANCO PASTOR

CASA FUNDADA NO 1776

CAPITAL SUSCRITO. PESETAS 17.000.000.—
CAPITAL DESEMBOLSADO. » 11.000.000.—
FONDO DE RESERVA Y FLUCTUACIÓN DE VALORES. » 14.073.530,47

CASA CENTRAL: A CRUÑA :: 35 SUCURSAES EN GALICIA

CONTAS CORRENTES CON OU SIN LIBRETA

INTRESSES DENDE 1.º DE XULIO DE 1933:

Á VISTA 2 % ANUAL | A SEIS MESES 3,60 % ANUAL
A TRES MESES. 3 % » | A DOCE MESES OU MÁIS. 4 % ANUAL
CAIXA DE AFORROS3. » 3,50 % ANUAL

CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DESDE 20 PESETAS Ó ANO

COMPRA · VENDA DE MOEDA EXTRANXEIRA :: DEPÓSITO DE VALORES COBRO DE CUPÓNS E DEMÁIS OPERACIÓNS DE BANCA E BOLSA EN HESPAÑA E NO EXTRANXEIRO

FRANCISCO BARREIRO SLAÑO

PERITO AGRÍCOLA

CAMPO DO GAYO, 14

SANTIAGO

OUXETOS DE ARTE

VAXILLAS DE TODAS CRASES

CASA MARIÑO

OLIVA 11 E SARMIENTO 3

PONTEVEDRA

IMPERMEABILIZANTES

WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

MAIS DE CINCOENTA ANOS DE ESPERENCIA NO SANEAMENTO DE CONSTRUCCIONS E IMPERMEABILIZACION DAS MAIS IMPORTANTES OBRAS HIDRAULICAS

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALICIA

Pida detalles e folletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeneral para Galicia:

Porta da Pena, 6 :: SANTIAGO

Laboura Galeguista DO MOMENTO

MITINS: Contra os traidores, contra os desleigados, contra os enemigos da nosa Terra, o Partido Galeguista espalla a verdade

O domingo derradeiro celebrouse en Viascón un grandioso mitin galeguista orgaizado pola sociedade agraria de Caroy e o Grupo Galeguista de Viascón.

Fra o primeiro mitin en que o Partido Galeguista, arredado das manganchas que viñan boicoteando a nosa autonomía, berraba con pureza a súa verdade ao pobo.

Acudiron a iste acto gran número de sociedades do contorno, cheias do máis esgrevio fervor patriótico.

Tomaron parte nil os irmáns na causa señores Bóveda, Alonso Ríos e Castelao, que foron presentados pol-o presidente do Sociedade Agraria de Caroy, quen se fixo eco da situación de anguria en que o pobo galego se debate pol-a torpeza dos poderes gubernamentales e pol-a desidia dos partidos políticos que na nosa Terra andan intrigando pol as suas comenencias. Ten verbas cheas de fervor para o P. G., pol-a súa laboura chea do máis outo patriotismo, e do máis reconocido desinterés.

Os restantes oradores, referíndose ao mesmo tiveron verbas acesas e frentes para o abandono en que Galicia vive postergada. Os gravísimos problemas do noso Ferrocarril e do Tratado co Uruguai, estanse cada vez complicando máis, con novas disposicións uniformadoras, que veñen a ferir os nosos problemas da nosa Terra.

Cometer sería criminal en calquer goberno a súa torpeza íntima, pero é incalificable o que temos en conta que Galicia ten un goberno que nise goberno, na persoa do seu presidente Quiroga.

Notar como para o efectivo rexurdir da nosa Patria contra os poderes centrais que a teñen presa baixo as suas gadoupas de conquista, é preciso avencellarse en grandes orgaizacións campesiñas que poidan ter verdadeira eficacia na defensa dos nosos intereses. É preciso que niste intre en que está pra consumarse a inxusticia do Tratado co Uruguai, Galicia teña un supremo xesto de protesta con toda eficiencia dos recursos suprimidos.

Todol-os oradores, falando do momento autonómico, atacaron con varilidade aos que traizoaron total-as suas promesas e compromisos, que traizoaron en todo momento a cousa da Terra, distinguíndose moi particularmente pol-o que a traición se refire, o noso ministro Sr. Casares e o seu partido.

Afirmaron por fin que só cando se teña producido en Galicia un fondo movemento de galeguidade que seipa impoñer aos seus persoeiros, por enriba de toda disciplina partidista, a xusticia dos seus indiscutibles dereitos, a nosa Patria será escoitada como se merece dos poderes centrais. Hasta isa data, nós debemos dispórnos a representar o papel de escravos que, con monarquía e con república nos tén asinado o despotismo e a tiranía.

Todol-os oradores foron lóngxamente ovacionados. Castelao foi obxecto da máis delirante simpatía. Ao findar o acto foron obsequiados pol-a Sociedade Agraria, sendo despedidos con balbordantes vivas a Galicia e ao Partido Galeguista.

EN BUXÁN

O día 8, como se tiña anunciado, celebrouse en Bembibre (Buxán) un grandioso aito de afirmación galeguista. No lugar do mitin atopábase unha concurrencia numerosísima que excedía de 6.000 persoas. Na tribua, as representacións de sete Sociedades Agrarias, coas suas bandeiras.

Despois de executarse o himno galego, que o público escoitou coa cabeza descuberta, deu comezo o aito c unhas verbas de presentación cordiales e rexas, do irmán Ramiro Rodríguez. Falaron despois, os presidentes das Sociedades agrarias de Lañas e Rial, en termos gabatorios pra o P. G. e de duro ataque ao caciquismo.

LÓPEZ DURÁ

Fai resaltar a limpeza política do galeguismo, alonxado hoxe da propaganda autonómica cós outros partidos, por teimar o enrolamento do pobo n-unha farsa cruenta. Ataca o desleigamento e a traición dos que comercian cos intereses galegos, e apostrofa aos que venden a Galicia pol-o seu medo

A autonomía compre xusgala pol-a calidade dos que a combaten.

Se a autonomía non fora en sí unha conquista gloriosa, abondaría pra considerala como tal, o reparar nos seus enemigos.

Nos tráfugas, nos caciques, nos trapecistas da política que non queren a autonomía, pra seguir vivindo na traición e na farsa.

personal. Presenta a Casares Quiroga como ao primeiro enemigo da nosa Terra e aos emilianistas, co seu historial de vergonza e inmoralidade, como comerciantes do tópic e da calumnia. Insta aos labregos a que se ergan do estado de inaniación en que se atopan e loiten sin acougo pol-a liberdade de Galicia. Foi fortemente aplaudido.

DEL RIEGO

Expón en párrafos de gran emotividade a triste realidade galega. Dice que fala en intres de fonda conmoción e inqueda. Cando se debaten problemas trascendentales pra o noso porvir. Fala da inxusticia arancelaria que nos mantén n-unha situación de pobo colonizado. Non nos podemos chamar hispaníoles, si o selo nos obriga a situarnos n-unha categoría de inferioridade, ignominiosa e denigrante.

Explica a situación dun Estado, fracasado secularmente, e propugna pol-o emprego de medios violentos e eficaces que nos ceiben da

Dende hai unha tempada arreceiú d'unha maneira violenta a ofensiva contra nós, contra o nacionalismo galego. De todas partes e en todol-os tonos arremeten duro.

E nós encantados. Por fin a xente vaixe decatando de que esto do nacionalismo galego é algo máis serio do que pensaban fai poucos anos aínda.

Todol-os cantos iban a gusto no machito das cousas tal como están hoxe se resignan, sin protestar, a ver como se van desbancando e derrubando os tinglados que os sostían. E como non son parvos, anque o parece pol-a maneira de argumentaren, saben ben que somos nós os nacionalistas os únicos capaces de desbancal-os e poñer as cousas no lugar que lle compren.

situación caótica en que nos atopamos. Unha forte ovación premia as derradeiras verbas do orador.

ALONSO RÍOS

O valente leeder do agrarismo galego, di xon un máñífico discurso, que foi aplaudido afervoadamente e repetidamente.

Atacou en termos de gran dureza, pleos de xusticia e agresividade, o aitar falso e traidor de Casares Quiroga. Acusouno como primeiro culpable de total-as miserias que hoxe nos asulagan. Incitou aos labregos a que se orgaizasen en Sociedades agrarias, explicando o alcance de tal medida. E a que se erguesen como un soio home contra o Tratado co Uruguai, chegando á loita civil, clausurando os concellos e negándose a pagar os tributos. (Gran ovación e morras ao galego traidor).

SUÁREZ PICALLO

Expuxo documentadamente, e con gran acopio de datos, o que o Tratado co Uruguai significa pra nosa riqueza ganadeira. Amosou con cifras i-estadísticas a inxusticia distributiva do Estado. Falou da emigración e dos problemas mais latexantes que hoxe nos preocupan.

O cooperativismo agropecuario, as escolas de formación campesiña, o melloramento dos cultivos e a concentración parcelaria, foron cousas que ocuparon a derradeira parte da oración do batallador diputado, que foi aclamado ao final entusásticamente.

O mitin rematou en meio de vivas a Galicia ceibe e ao Partido Galeguista. Os oradores regresaron a Sant Iago, acompañados da moita xente, que dende eiquí, foran ao mitin, pese a ser un día laborable, e ao desleigamento de quen es procuraron meios pra que a xente non se desplazase.

Tendo en conta que o pago da suscripción de A NOSA TERRA é por adiantado, poñemos en conocimiento dos nosos suscriptores que de non recibir seguidamente o importe do primeiro semestre, faremos os xiros correspondentes por valor de ptas. 3'80, importe da suscripción e gastos de xiro. Toda demora no pago das suscripcións crea entorpecimentos na Administración que todos debemos evitar.

A ofensiva ten todol-os matices, dende a cónica ate a calumniosa. Dicense de nós as cousas máis graciosas e tamén as inxurias máis grandes. Teñen que apelar a todo pensando que así son capaces de impedir o desenrolo arrollador do noso movemento.

Saben ben eles que o noso non é un partido político calqueira, como os demais, cuxa existencia está unicamente baseada na circunstancia pasaxeira. Eles saben ben que o nacionalismo é unha cousa eterna, real e firme.

A loita actual entre os partidos políticos ten outro tono. Rifan pero non se odian anque o pareza. A nós odiannos todos i-esté é o maior éxito da nosa existencia.

Na ofensiva andan misturados os extranxeiros residentes en Galicia e que aquí lograron alternar por virtude da castración nacional de Galicia os que non se resían; a perder os privilexios e o mandío que detentan actualmente; os que aspiran a gobernar; todos xuntos porque saben que somos un enemigo a quen hai que combatir con armas distintas das empregadas na loita que eles sosteñen entre si...

Nós estamos contra todos porque a Galicia verdadeira somentes a interpretamos e faremos nós. Unha Galicia na que eles non

Farmacia Lugrís

Especialidades nacionales i-estranxeiras

Ortopedia, Sueros e Vacunas

Productos purísimos das mellores marcas.-Oxixeno Esterilizacións ao autoclave.--Trousseaux pra partos

Despacho de recetas da Fábrica de Tabacos

LINARES RIVAS, 43
TELÉFONO, 2319

A CRUÑA

teñan nada que facer sinón obedecer. Por eso como saben ben o perigo que para eles supoñemos nos combaten sañudamente.

Ainda se unen entre eles para nos combatir porque somos o nemigo común. Ainda non hai moitos días un republicano histérico e ridículo dixo n'un mitin que antes se uniría aos monárquicos que aos nacionalistas. Ese é un sintoma ben categorico. Nos odian porque nos teñen medo.

Os nemigos de pouca consideración non gozan de belixerancia que eles nos conceden. Logo é que somos algo serio, perigoso para eles.

Naturalmente que o somos. O único nemigo porque total-as demais loitas políticas son episodios sin importancia na actual política de circunstancias.

O nacionalismo anda en todo e abarca total-as actividades do vivir galego. Onde queira que sexa aparece un nacionalista deixando o selo inconfundible da nosa autuación.

No orde cultural todol-os camelos autuaes tópanse de frente coa avalancha intelectual do nacionalismo. Como son inferiores a nós, en calidade e forzeza de pensamento, combatennos con xenreira e malas artes. Na política o mesmo porque nós estamos entre todos e andamos a crear unha política que eles non poden entender nin practicar. Porque é superior a eles e non se axeita aos métodos deshonestos que eles empregan.

Todol-os contra nós e nós encantados. Agora xa da gusto loitar. Dan a cara os nemigos e apréstanse á defensa vendo a que lles ven enriba coa marcha ascendente do nacionalismo.

Máis perden o tempo. A época d'eles derrúbase estrepitosamente. Por moito que fagan non poderán cortar o noso avance. Que vaian decatándose e deixando os postos. Canto mais tarden en o facer mais violentamente pasaremos por riba d'eles para barrellos, esnaquiza-os e erguer riba das apodrecidas ruínas do seu mando e da sua época a Galicia verdadeira que os nacionalistas temos xa medio construída.

Que nos odien, que nos combatan pero que babéen. Non poden con nosco anque se unan todos.

VICTOR CASAS

Renovacións de cubertas por procedimento integral
Recauchutados
VILLAZÓN
OVIEDO
Distribuidor pra
GALICIA e LEÓN
Xoán Segade
Progreso, 59 OURENSE

SI QUEREDES
XANTAR BEN
IDEA
CASA PEPE
Dr. Cadaval, 13 VIGO

Superneumáticos INDIA
Distribuidor pra
Galicia Asturias e León
casa Mandado
OURENSE

Paquetería e Camisería
A COMPOSTELANA
DE
Vicente López
Cervantes, 22 -: SANTIAGO
Gran surtido en artigos para Caballero, Señora y niños
Especialidad en medias de seda e pañolería de todas clases

O PARTIDO GALEGUISTA AO PAIS GALEGO

O Partido Galeguista dirixese hoxe ao País galego para espoñerlle nidiamente as razóns que motivan o seu arredamento d'aqueles partidos que, chamándose autonomistas, desertaron do seu deber, quebrantaron compromisos, e son os culpables de que a nosa Terra non teña xa plebiscitado o seu Estatuto.

O Partido Galeguista non quér cargar coa responsabilidade que contraería si non denunciase publicamente as traicións que se están cometendo con Galiza, no intre en que somentes unha plena autonomía podería librala dos males que sofre e dos perigos que axexan no porvir á nosa Terra e ás esenciais mesmas do réxime.

AS RAZONS DO NOSO FERVOR AUTONOMISTA

Na Asambrea de Compostela, proclamamos a soberanía de Galiza como pobo perfectamente diferenciado, para gobernarse por si mesma. Mais, sacrificando principios que son carne da nosa ideoloxía, aceptamos o Estatuto alí aprobado.

1.º Porque para conquistar unha autonomía pol-os procedementos legais compre que o Estatuto se axeite á Constitución.

2.º Porque para cumpril-as dificultosas condicións que a Constitución sinala, era precisa unha transacción dos partidos políticos, sobre todo.

3.º Porque nós estábamos seguros de que Galiza necesitaba salvarse, a toda presa, das inxusticias que secularmente ven padecendo e das perturbacións que no seu réxime económico, xurídico e social terían de producir as novas leis xeraes, dictadas en Madrid para resolver problemas alleos á realidade galega.

Os feitos están de manifesto, dándonos a razón de maneira ben doxosa e plena, e a responsabilidade de todol-os males que sofre e sufrirá Galiza por falla da autonomía terán de pesar sempre na conciencia política dos partidos desertores que non cumpriron co seu deber.

AS CONDUCTAS

O Partido Galeguista acatou os acordos d'aquela Asambrea, índa que o Estatuto non da satisfacción ós nosos anxeos de liberdade. E a conducta que seguimos non pudo ser máis leal.

Na propaganda realizada, bordeamos moitas veces o quebrantamento do noso Programa. Pero a opinión autonomista do Pobo galego, e a posibilidade de conquistar axiña a autonomía, débense, principalmente, a iste sacrificio.

Non corresponderon á nosa lealdade e ao noso sacrificio os demais partidos. Os feitos ocorridos dende o 20 de Nadal están ben patentes.

A nosa conducta de hoxe está, pois, ben xustificada. Arredámonos dos traidores e dos desleales, porque queremos cumprir co noso Pobo a obriga de traballar pola súa liberdade.

AS NOSAS ACUSACIONS

Galiza ten dereito á saber quen son os responsables de todol-os perxucios, inxusticias e aldraxes que se evitarían coa autonomía, para que cando chegue o intre poida pedir-lles contas da súa conducta.

Acusamos, principalmente, a dous partidos e a un home:

O PARTIDO RADICAL

En primeiro termo, ao Partido Radical. Galiza coñece xa o proceder incorrecto e traidor d'iste partido que, despois de tomar parte na redacción do Estatuto, de buscar

fórmulas para resolver o problema da capitalidade, e de prestar a súa aprobación ós acordos da Asambrea de Compostela, birtou desvergonzadamente os seus compromisos, por cativices persoais e partidistas que non se poden expoñer aquí.

Non pode servir-lle de desculpa o decir que non está conforme con algúns puntos do Estatuto. Primeiro, porque o Antepreito foi ben coñecido e os reparos deberon ser manifestados oportunamente na Asambrea. Segundo, porque n-unha xuntanza de deputados galegos a representación radical quedou autorizada pra propoñer no Parlamento aquelas modificacións que estimase necesarias e o número de deputados con que o Partido Radical conta eran garantía de conqueras.

Non había, pois, ningunha razón para que iste partido colaborase ao ben de Galiza co máis cordial entusiasmo, máxime cando, pra non dificultalo, chegamos á sufrir en silencio os insultos e agravios que ceibaba arreo a máis repudiable das súas seicións.

Galiza endexamais poderá perdoar a deslealdade d-un Partido que, chamándose autonomista e proclamando a necesidade d-unha autonomía, traiciona o mesmo Estatuto que axudou a redactar e que constituíe a única maneira legal que a República nos da para conquerila.

Nós temos razón para pensar que os radicais galegos soio aspiran a apoderarse dos Gobiernos civís e Diputacións, pra anovar a noxenta política, dos piores tempos do caciquismo. Pra estarmos ceitos de que endexamais traballarán porque Galiza, os Concellos e as Parroquias galegas gocen de liberdade para resolver os seus problemas propios, ceibas da influencia d'aquiles orgaismos, que son a causa principal da castración do espírito popular e orixe de todol-os males que padece a nosa Terra.

Soio o núcleo radical santiagués merece ser exceptuado distas acusacións. Non podemos en troques exceptuar a certas individualidades n'outros aspeitos merecentes de respecto mentras non desautoricen publicamente os feitos que denunciámos.

O PARTIDO REPUBLICANO GALLEGO

Acusamos máis aínda ao partido sucesor da ORGA, que despois de proclamada a República e promulgada a Constitución, non ten razón de existencia nin postulado máis importante no seu programa que ao conquiremento da autonomía.

Pois ben: iste partido que dispuxo d-unha forza endexamais superada ao que contou nos comezos coa adhesión espontánea e desinteresada dos deputados galeguistas e de outros parlamentarios galegos, non somentes deixou indefensa a Galiza fronte aos graves problemas que se lle presentaron, senón que, ademais, non fixo ren para que Galiza conquerise a súa autonomía, poidera salvarse dos repetidos desacertos e agravios do Goberno central, no que — para vergonza d'eles — figura dende o primeiro día, como Ministro, o xefe que os capitanea.

Deixou perdel-o Estatuto da Asambrea da Cruña, que o mesmo Partido convocara; permitiu, que nas mans dos presidentes das Diputacións — controladas por ORGA — se perdesse tamén o Estatuto dos parlamentarios; elementos destacados do P. R. G. foron os que presentaron na Asambrea de Compostela as custións máis perigosas e inoportunas; en ningún intre emprendeu unha campaña seria de propaganda autonomista, nin fixo presión sobre o seu representante no Goberno para que o plebiscito se poidese celebrar en Febreiro, tal como a Asambrea de Concellos acordara; co que a nosa Terra tería aforrado moitos agravios á súa diñidade e moitas perturbacións na súa economía.

A conducta que os representantes do Partido Republicano Gallego teñen seguido nos derradeiros meses no Comité central é d'abondo coñecida. Foron inútiles toda crás de estímulos pra facer-lles comprender a necesi-

dade urxente da autonomía; inútiles tamén cantos requerimentos se lles fixeron para que se dese comenzo á gran campaña de propaganda conxunta que cumpría a realizar axiña e pra que as Diputacións, os Concellos e o mesmo Partido puxesen a disposición do Comité central, na medida das súas forzas, os elementos necesarios pra asegurar a eficacia da súa laboura. En nin xiquera tiveron sinceridade de dar unha negativa rotunda que aclarase posicións.

Os pretestos e desculpas que deron sempre estarían xustificadas si se tratase de facel-os dispendios e gastos inútiles que non regatean de cote na súa situación ao fronte dos orgaismos galegos que rexentan.

O P. R. G. non cumplitu en ningún intre os compromisos que contraera en Compostela. Non amostrou máis que un extraordinario desexo de alargar indefinidamente os prazos, sen dúbida co propósito — que n-unha xuntanza do Comité chegaron a insinuar — de que, pola tregua a que os demais estábamos obrigados, seguisen pasando en silencio os desacertos, as arbitrariedades e os atropellos caciquiles que están cometendo arreo na Administración galega.

Axeitado remate de tal proceder é o acordo tomado na derradeira xuntanza d-iste partido, da que dou conta unha nota ambigua — coma total-as súas — na que se fala de «emprender SIN NUEVAS DILACIONES una activa propaganda en favor de la autonomía gallega y mantener ante el Comité central el criterio de señalar la fecha del plebiscito en el momento mismo en que se estime que LA LABOR DE ESTUDIO de los problemas que suscitan la autonomía y SU PROPAGANDA aseguren un feliz resultado».

Ísto despois de requerir ao Partido Galeguista que se non retirase do Comité, coa promesa de que no prazo de 15 días xuntaría ás Diputacións e cumpriría todol-os ofrecimentos feitos.

Quer decirse que o partido que no 4 de xuño de 1931 presentou un Estatuto índa necesita estudal-os problemas que plantea a súa implantación; que os que de cote desatenden os requerimentos de comenzal-a propaganda pretenden novamente zafarse dos compromisos contraídos, alegando que a propaganda non se fixo. Abonda con non facela namentras non conveña aos seus intereses políticos.

O Partido Galeguista non pode seguir calado ante semellante farsa e considera que chegou o intre de denunciála para que sexa coñecida e xuzgada pol a opinión.

O SR. CASARES QUIROGA

Pero contra quen as nosas acusacións teñen de ser máis fortes é contra o señor Casares Quiroga, porque, ademais de alcanzarlle total-as que acabamos de facer ao seu partido, por ser il o primeiro inspirador dos feitos que as motivan é o seu máis dereito responsable, correspondenlle, de maneira exclusiva, moitas outras das que o P. R. G. non foi máis que a tapadeira.

O home que representou á Galiza no Pacto de San Sebastián; que dixo repetidas veces «para Galicia ni un punto menos que para Cataluña»; que votou pol a República federal; que n-un intre pudo ser a máis auténtica representación da nosa Terra e tivo a confianza dos seus seitores máis puros, rematou consentindo total-as claudicacións e foi, na República, a rémora máis grande con que Galiza tropezoou en todol-os intres en que quixo facerse escoitar.

O Ferrocarril abandonado, o Estatuto do Viño, os «cursillos» de Profesores, o desprezo do noso específico problema agrario, o incumplimento dos convenios que tiñan que dar saída ás nosas conservas, e derradeira-mente o Tratado co Uruguai, son outras tantas inxusticias, aldraxes e agravios que denuncian, á berros, a pasividade do home que os consinteu sendo o representante de Galiza no Goberno.

Ningunha desculpa pode satisfacer á nosa Terra cando ve, con indignación, que para to-

dol-os demais Pobos houbo millóns d'abondo, que todol-os ministros embarcaron, á mans cheas, nas súas respectivas Terras; que os presupostos do Estado aumentaron en moitos centos de millóns que nós temos de axudar á pagar sin compensación ningunha: que se creou unha tan vizosa como innecesaria burocracia que soio ha servir pra afundir máis o comercio, a industria e a agricultura de Galiza; que non fallan centos de millóns pra facendosas obras hidráulicas fora da nosa Terra e pra enlaces ferroviarios subterráneos que a mesma prensa centralista censura.

E no que toca á súa política na nosa Terra, non puido ser máis ruín, deica o punto de que ningún nemigo do réxime podería facer máis para que a República se desacreditase e as xentes perdesen a súa fé n-ela. As atrocidades administrativas e políticas que á eito sanciona ou consinte fan lembrar as piores épocas do caciquismo monárquico.

O señor Casares é persoalmente responsable de que o plebiscito non se celebrase en Febreiro; ningún fixo máis que fl para que os antiestatutistas — esmagados pol-o entusiasmo que a patriótica Asambrea de Compostela produxera — resucitasen; á il se debe principalmente que todo o vello caciquismo campe agora pol-os seus respetos, esgrimindo contra os intres de Galiza a bandeira patrioteira do españolismo centralizador.

En poucas verbas: Ninguén pudo facer máis, por acción ou por omisión, en contra da economía, da diñidade e da política da nosa Terra.

Xa está apañando os froitos do intre en que Galiza se erga, contra do home que, podendo ser o dentor, foi o máis funesto dos de todol-os tempos!

O NOSO CAMIÑO

Recoñecemos que agardamos demais coa esperanza d'unha reificación de conducta que poidese redimir aos que acusamos dos seus pasados erros. Incluso chegamos á aturar en silencio denostos e aldraxes. Pro daríamonos por ben pagados do noso sacrificio si servise para que a nosa Terra poidese entrar pol-o camiño da súa redención. Non poderá acusárenos de que non esgotamos todol-os extremos de pacencia e lealdade.

Pero xa non agardamos máis. Remprendemos hoxe o camiño que ao fundal-o noso Partido trazáramos e no que nos detivemos un intre pol-o ben da nosa Terra. Non consideremos perdidos todol-os nosos esforzos d'iste ano, porque serviron para que as xentes abriaran os ollos e conquerisemos ante os bós e xenerosos a forza moral que tén de sel-a arma máis poderosa que manexemos na loita que nos agarda.

Arredados dos traidores, concurremos á Asambrea que o Comité central ten convocada pra o día 17 en Compostela, co fin de que, si trunfan as deslealdades e os manexos dos partidos, queda á salvo a diñidade do noso Pobo, que non tardará en escoitar plenamente a nosa verdade e seguil-os nosos vieiros.

Somos afortunadamente mozos, temos unha grande fé nas nosas ideas e no noso entusiasmo, e nin temos presas nin nos guía ambición de mando. Seguros do noso trunfo, que será o da nosa Terra, seguiremos aguil-loando, como máis azos cada vez, na conciencia do Pobo galego aquí fondo e forte sentimento de galeguidade que de maneira tan vibrante e espontánea se manifestou asóballador na Asambrea de Compostela, cando en medio de ovacións entolecidas quedou proclamada a cooficialidade da nosa lingua.

Chamamos aos mozos, aos rebeldes, aos limpos de mácula, aos que non ambicionan traficar coa miseria da nosa Terra.

Agardámoslos, accesos de entusiasmo e de esperanza, pra loitar.

¡POR GALIZA E POLA SUA LIBERTADE!